



Podes

Giusi Quarenghi
Alessandro Sanna

A vida está chea de retos que nos poñen a proba dende que somos moi pequenos; de normas, ás veces demasiado estritas, que nos manteñen inmóbiles nun asento ou que nos ditan como e cando debemos actuar, como comportarnos. Nunha sociedade colectiva debemos respectar aos demais, pero... debemos perder a nosa liberdade de ser nós mesmos?

- 978-84-18667-96-1
- Tapa dura
- 22 x 22 cm
- 56 páxinas
- +3 anos




O Trocatintas

Gonçalo Viana

Había unha vez unha árbore branca e unha nube... verde? Non pode ser, isto ten que estar mal! O ilustrador debeu equivocarse, ou as nubes poden ser verdes e estar cheas de froita? O Trocatintas é unha historia chea de surrealismo e humor, que convida a poñer patas arriba a realidade que coñecemos para darlle novas cores. Coas súas ilustracións xeométricas, de vivas cores e moi poéticas, Gonçalo Viana amosa todo o que pode facer un pouco de imaxinación.

- 978-84-10049-07-9
- Tapa dura
- 20,5 x 26,7 cm
- 40 páxinas
- +3 anos



Sherlock Holmes para pequenos detectives

A inquilina do veu

Stephanie Baudet e Arianna Bellucci

Hai sete anos, un horrible incidente tivo lugar na vila de Abbas Parva. O Sr. Ronder, propietario do Ronder's WILD ANIMAL SHOW, atopou o seu final tras o ATAQUE dun león fuxido.

Holmes enfrenta un vello misterio cando o convidan a visitar unha dama que se nega a amosar o seu rostro. Un aterrecedor crime cometido sete anos atrás con terribles consecuencias, e é misión de Holmes salvar a inquilina do veu da súa propia conciencia.

- 978-84-18667-94-7
- Rústica con lapelas
- 13 x 21 cm
- 100 páxinas
- +7 anos



re-Clásicos

Madame de Treymes

Edith Wharton

Dakota Hernández

Edith Wharton analiza e critica como os costumes e lazos sociais afogan as esperanzas de alcanzar a felicidade dunha muller nunha familia francesa de principios do século XX. Atrapada nun matrimonio infeliz, o divorcio parece impensable para a poderosa familia do seu marido, até que o seu namorado John Durham se reúne coa enigmática Madame de Treymes. Con este título iniciamos a nosa colección re-Clásicos, na que daremos unha nova vida a textos universais, con traducións actualizadas e un deseño e ilustracións de artistas contemporáneos.

- 978-84-18667-98-5
- Rústica con lapelas
- 14 x 24 cm
- 120 páxinas
- +12 anos



proximamente!

Diarios Zombi

Guy Edmonds e Matt Zeremes
Jake A. Minton

Unha divertida serie de comedia de zombis na que acompañamos a Jimmy e mais os seus amigos Daisy e Hoey a salvar a súa cidade dunha apocalipse zombi. Aínda que estes zombis son un pouco diferentes aos habituais... son vacas! Os adultos estanse a converter en vacas! Por sorte, Jimmy e mais os seus amigos viron pelis de acción dabondo como para saber que facer nestes casos e trazar un plan, o que lles fará vivir unha aventura frenética chea de vacas, explosións, lambetadas, babas, peidos e espaguetes.

Axiña chegará o segundo título!



Áceiro

Ferrolterra en 12 postais

José Pardo

Estamos ante un artefacto difícil de definir. É un libro, un compendio de fotografías, de textos e de postais. Podemos gozar del no seu conxunto, gardalo ou agasallalo, pero tamén podemos desmontalo e enviar as postais, conservando a un tempo a foto e o nome da persoa destinataria da nosa postal. Polo tanto, cumpre múltiples propósitos nun único obxecto de 56 páxinas e 12 postais.

Aínda que, por riba de todo o anterior, é algo íntimo e emotivo, é a mirada das súas xentes á bisbarra que os viu nacer.

- 978-84-18667-92-3
- Rústica
- 14 x 20 cm
- 56 páxinas
- +15 anos



Trazo atlántico

A Coruña en 12 postais

Xosé Duncan

Estamos ante un obxecto difícil de definir. É un libro, un compendio de fotografías, de postais e de textos, case poemas, que recollen a esencia e a alma de cada unha das paradas deste paseo. Podemos gozar del no seu conxunto, gardalo ou agasallalo, pero tamén desmontalo e enviar as postais, conservando a un tempo a foto e o nome da persoa escollida para recibila. Aínda que, por riba de todo o anterior, é o resultado de gozar dunha cidade atlántica, dun asentamento histórico que, co paso dos séculos, se converteu nunha urbe moderna sen perder a luz que alumeou as noites das súas costas.

- ♦ 978-84-10049-08-6
- ♦ Rústica
- ♦ 14 x 20 cm
- ♦ 56 páxinas
- ♦ +15 anos